

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027964	IES de Oroso	Oroso	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 3º de ESO supón unha continuación (e profundización) dos contidos xa traballados en 1º de ESO. A similitude dos elementos curriculares que presenta o decreto que regula o currículo en 1º e 3º de ESO, permiten que o alumnado poida ademais fortalecer aqueles contidos que, aínda que xa se traballaron en anos anteriores, puideron quedar esquecidos ao non existir a materia en 2º de eso.

A nova estrutura que presenta o decreto que se pon en práctica por primeira vez o presente ano, divide a materia en 4 grandes bloques de contidos e criterios que se distribúen na presente programación ao longo de 8 unidades didácticas. O obxectivo non é outro que o de proporcionar ao alumnado unha formación holística que non só é imprescindible para coñecer as posibilidades laborais e as aplicacións prácticas que poden ter os estudos e coñecementos artísticos, senón que aportarán tamén ferramentas propias dun pensamento diverxente e creativo co fin de promover unha mentalidade crítica e auto-esixente para o día a día. Con este obxectivo, o proceso de ensinanza orientarase en dous grandes eixos: a capacitación para un futuro laboral por unha banda e o desenvolvemento das capacidades críticas, reflexivas e creativas do individuo pola outra.

O primeiro bloque, Patrimonio artístico e cultural, supón unha importante novidade fronte o anterior decreto e posiblemente o reto máis importante e enriquecedor ao que se someterá o alumnado. O coñecemento de diferentes movementos e xéneros artísticos, a valoración do noso patrimonio máis próximo e o descubrimento de artistas mulleres que destacaron en diferentes disciplinas artísticas traballarémolo transversalmente nas diferentes unidades ao longo de todo o curso, con actividades coma imitar as técnicas de algún/algunha artista, investigar sobre algún movemento ou descubrir as obras ou artistas máis próximos.

O segundo bloque, Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica traballarase principalmente durante o primeiro trimestre e supón a parte máis lúdica da materia na que o alumnado deberá de experimentar con diversos materiais a partir das diferentes propostas buscando a súa expresión máis persoal.

O terceiro bloque, Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos que se traballará durante o segundo trimestre, encadra os contidos máis técnicos, relacionados ca xeometría e os diferentes sistemas de representación. A linguaxe internacional do debuxo técnico permítenos transmitir, interpretar e comprender ideas ou proxectos de xeito fiable, obxectivo e inequívoco, sendo indispensable tanto para a realización de procesos de investigación sobre as formas, como para a comprensión gráfica de bosquexos e proxectos tecnolóxicos e artísticos nos que o fin sexa a creación de produtos que poidan ter valor utilitario, artístico ou ambos.

Durante o último bloque, Imaxe e comunicación visual e audiovisual no que traballaremos durante o 3º trimestre, coñeceremos as posibilidades do audiovisual, con especial atención nas novas tecnoloxías, coma as aplicacións móbiles e as redes sociais de imaxe e vídeo breve, pois estanse a consolidar coma novos medios de comunicación de masas, competindo e incluso superando aos xa tradicionais. As competencias que nos aporta o coñecemento dunha linguaxe audiovisual e plástica son imprescindibles tanto para crear dito contido coma para ter unha actitude crítica ante ditos medios coma consumidores.

Tanto a metodoloxía coma os recursos propostos para esta materia, baséanse nas características do alumnado do IES de Oroso establecidas no Proxecto Educativo do centro e consideran unha marxe flexible para desenvolverse respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado sendo conscientes de que este documento non debe constringir os posibles cambios que consideremos oportunos realizar ao longo do curso escolar, co obxectivo de mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se convierten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego.	Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego. Os distintos xéneros artísticos e as manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.	8	6	X	X	X
2	A xeometría na contorna natural, nos obxectos, na arte e no deseño.	A xeometría na natureza, na arquitectura e no deseño de obxectos cotiáns. Xeometría plana. Introducción ás tanxencias e enlaces.	18	12	X		
3	Os sistemas de representación.	Introdución aos sistemas de representación (de medición e perspectivivos) facendo fincapé no Sistema diédrico (vistas) e o esbozo isométrico.	14	10	X		
4	O proceso creativo e a percepción visual	Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva: Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores. Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. A composición: conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo. Factores e etapas do proceso creativo. O esbozo. Elección de materiais e técnicas. a realización a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.	18	12		X	
5	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións	Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo. O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. Experimentación con diferentes procedementos e técnicas (secas, húmidas e de reprodución) co propósito de aproximarnos aos principios perceptivos e compositivos. Valoración e coñecemento de diferentes obras representativas facendo fincapé en artistas galegas con perspectiva de xénero. Cores complementarias, contrastes, significado da cor, etc). Introducirémonos nas correntes artísticas para as que a cor é un elemento principal así coma nas súas aplicacións no deseño	14	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións	con especial énfase á corrente Bauhaus.	14	10		X	
6	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións	O volume: exemplos e características expresivas. Experimentación a partir de materiais sinxelos coma barro ou cartón para crear composicións tridimensionais. Análise das diferentes posibilidades expresivas dos materiais e a súa manipulación tomando coma referencia diferentes artistas contemporáneos (Oteiza, Richard Serra, Cristina Iglesias, etc) e adicando especial atención aos referentes galegos. (Francisco Leiro, Manolo Paz, Elena Colmeiro, etc).	14	10			X
7	Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación. Introducción ás técnicas audiovisuais.	Lectura e análise da imaxe visual e audiovisual. Imaxe en movemento. O cine e a animación: características, orixe e evolución. Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe. Coñecemento sobre as orixes do cine a partir da experimentación e a creación de diferentes xoguetes ópticos (praxinoscopio, kinetoscopio, tambor máxico, etc). Linguaxe audiovisual: planos, encadramentos e puntos de vista. Búsqueda e análise a partir de diferentes producións audiovisuais galegas. Creación dunha composición audiovisual mediante a técnica da animación. Planificación do proxecto e posta en práctica.	14	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Ser quen de recoñecer minimamente os factores que condicionan as distintas producións plásticas así como a súa función desde unha perspectiva de xénero, con curiosidade e respecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia do patrimonio galego a través do coñecemento de obras de arte e a súa conservación.		
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar dun xeito sinxelo as producións propias e alleas desde unha mirada estética respectando a diversidade cultural.		
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Coñecer diversas proposas plásticas significativas e analízalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero.		
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	Saber expresar minimamente, dun xeito aberto e respectuoso, as emocións e a satisfacción que emanan da percepción dunha obra de arte.		
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Recoñecer, dun xeito básico, a pertenza dunha obra de arte a un contexto cultural e histórico concreto a través da análise da configuración formal e dos factores sociais que a condicionan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos. - Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.

UD	Título da UD	Duración
2	A xeometría na contorna natural, nos obxectos, na arte e no deseño.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Ser quen de recoñecer minimamente os factores que condicionan as distintas producións plásticas así como a súa función desde unha perspectiva de xénero, con curiosidade e respecto.	TI	100
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	Saber expresar minimamente, dun xeito aberto e respectuoso, as emocións e a satisfacción que emanan da percepción dunha obra de arte.		
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	<p>Detectar as imaxes corporativas que nos rodean e analizar mínimamente as figuras e elementos xeométricos que participan na súa formalización.</p> <p>Reflexión crítica e participación na aula sobre a relación entre imaxe corporativa e contexto, evolución dos logotipos, etc</p>		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns.

UD	Título da UD	Duración
3	Os sistemas de representación.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Diferenciar mínimamente as características dos S.R. Recoñecer, dun xeito básico, os diferentes usos que pode ter os S.D. e a croquización a partir das vistas. Argumentar sobre as posibilidades técnicas que poden xerar con interese por coñecer a importancia do D.T. e os S.R. na sociedade.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.

UD	Título da UD	Duración
4	O proceso creativo e a percepción visual	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.		
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.		
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Recoñecer os elementos básicos do debuxo e os puntos e rectas notables de diferentes figuras xeométricas. Aplicar correctamente os coñecementos xeométricos en diferentes composicións tanto artísticas como técnicas.	TI	100
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Utilizar a xeometría e os elementos básicos do debuxo para a realización de propostas sinxelas co fin de transmitir diferente información.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Participar de xeito individual ou en grupo das propostas artísticas que se propoñen na aula no tocante a eventos e propostas culturais do centro educativo		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas para poder xerar mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. - A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores. - A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
5	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.		
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Experimentar na aula con tecnicas húmidas, secas e de grabado a partir de propostas sinxelas. reflexión sobre as decisións tomadas e actitude crítica.	TI	100
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Creación de un módulo xeométrico tomando como referencia os diferentes artistas e efectos ópticos mostrados en clase. Uso axeitado das técnicas graficoplásticas e a linguaxe visual segundo a proposta escollida.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Creación dun grabado xeométrico tomando como referencia os diferentes artistas e efectos ópticos mostrados en clase. Uso axeitado das técnicas graficoplásticas e a linguaxe visual segundo a proposta escollida.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. - A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores. - A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
6	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Utilizar materiais sinxelos coma cartón ou barro para realizar propostas sinxelas co fin de transmitir diferentes sensacións e ideas.	TI	100
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Creación de propostas artísticas en base a diferentes referentes do mundo do arte contemporáneo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
7	Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación. Introducción ás técnicas audiovisuais.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar e detectar diferentes recursos (movementos de cámara, puntos de vista e encadramentos) en diferentes producións audiovisuais.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, minimamente, as características das distintas técnicas audiovisuais e as súas linguaxes, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		
CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.	TI	100
CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os diferentes usos que pode ter as producións audiovisuais e saber argumentar cun mínimo de reflexión sobre as posibilidades que poden xerar estas, cunha actitude aberta, e amosando interese por coñecer a súa importancia na nosa sociedade.		
CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Analizar de xeito colectivo (participando na aula) as propostas propias e dos compañeiros de xeito respetuoso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise. - Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación. - Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Fundamentándonos nos principios pedagóxicos que describe o artigo 17 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, propoñemos unha serie de principios metodolóxicos que conflúen en procedementos didácticos, ambos subordinados en todo momento á análise das situacións que se produzan na aula, co propósito de abarcar as necesidades e intereses educativos do alumnado co fin de desenvolver as competencias e os obxectivos do nivel educativo.

Baseámonos no principio de intervención constructivista e na aprendizaxe centrada no alumnado e a súa diversidade, (ritmos de aprendizaxe e tipos de intelixencias (Gardner, 1995)), partiremos do nivel de coñecementos previos do alumnado, así como das súas aficións e experiencias. Este diagnóstico previo realizarase mediante actividades de inicio (Brainstorming, coloquio na aula, concursos interactivos e participativos) e permitiranos establecer as pautas de traballo a seguir en función das necesidades de cada grupo.

Promoveremos a creación de aprendizaxes significativas (Ausubel,1986) aproveitando a súa vez os coñecementos individuais para relacionalos con novas aprendizaxes. O contacto ca comunidade educativa e o entorno (mediante traballos grupais e nos exteriores do centro) permitirá crear contextos de aprendizaxe nos que hibridar contidos coñecidos cos de nova adquisición.

Proporcionaremos o desenvolvemento de aprendizaxes Funcionáis, orientando o proceso de ensinanza cara as posibilidades de aplicación real do aprendido. As actividades serán progresivas, de menor a maior dificultade, de maneira que a súa complexidade gradual permita progresar con retos educativos e buscar unha interactividade nos procesos de aprendizaxe entre os contidos de EPV e o resto de materias.

Propiciar un clima onde a arte e a creatividade forme parte do día a día, atopando valor artístico e estético no cotián e próximo permitirá establecer nexos entre os contidos e a súa aplicación real (afianzando os coñecementos) polo que formularemos actividades que fagan referencia a artistas galegos e participando nas actividades artísticas que poidan xurdir na contorna.

Os mecanismos que implica o propio proceso creativo, contribúen a promover unha metodoloxía activa fomentando a actitude curiosa, crítica e investigadora do alumno/a.

Fomentan tamén ao traballo en equipo, mediante o diálogo na aula e a posta en común de traballos, permitíndonos coñecer propostas heteroxéneas, afianzando a seguridade do alumnado, e promocionando a autocrítica e o respecto polo traballo propio.

Segundo estes principios a metodolóxica didáctica de cada unha das unidades seguira na maioría dos casos a seguinte estrutura:

- **Diagnóstico de coñecementos previos:** Con ferramentas activas e participativas (debates, kahoot, brainstorming) que permitan realizar una avaliación inicial e establecer un punto de partida para novas aprendizaxes. Correspondese cas actividades sobre ideas previas.
- **Exposición de contidos:** Partiremos da análise do proceso anterior e utilizaremos o método expositivo ou demostrativo segundo conveña, sustentándonos en información visual (presentacións) e audiovisual. Correspondese cas actividades de desenvolvemento.
- **Aprendizaxe por descubrimento:** Mediante actividades de aplicación poderemos construír o esquema de coñecemento máis propicio para cada alumno/a, fomentando a lectura e da busca activa de información e recoñecendo os medios lexítimos e viables dos que non o son. Terá formatos e dificultades heteroxéneas.
- **Posta e común e análise:** Exposición dos traballos realizados, seguindo a estrutura de defensa e posterior análise grupal ou a de portfolio ou autoavaliación co fin de fomentar o espírito crítico e a capacidade de comunicación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula de Plástica con 23 mesas de debuxo, e un espazo anexo cuberto e con ventilación para o secado de pinturas ou o uso de aerosois.
Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla.
Impresora láser.
Aula virtual do IES de Oroso.
Biblioteca de aula con libros de arte e deseño, técnicas, exposicións e biografías de artistas.
Tórculo e diferentes materiais e ferramentas para estampa e grabado.
Forno de cerámica e diferentes materiais e ferramentas para modelado.
Material de aula de uso común (para casos particulares): Lápices, regras, pegamento, tesoiras, cores, etc.
Materiais pictóricos funxibéis: carbón, lapis conté, sanguina, pinturas acrílicas, témperas, pintura en spray, tintas de gravado, etc.

Promoverase o uso de medios dixitais e audiovisuais que faciliten a comprensión de contidos, aínda que en situacións que se consideren oportunas proporcionarase documentación en papel.

Potenciarase o uso da plataforma virtual onde se poderá consultar moita da documentación mostrada na aula, con enlaces de interese e suxestións ca finalidade de fomentar a experimentación e a creatividade. Aportando ferramentas para a creación do noso propio material. En ocasións, esta plataforma tamén se utilizará para realizar entregas de exercicios.

O alumnado utilizará as técnicas contempladas nos contidos da materia, tentando adaptarnos tanto á súa economía coma a súa esixencia técnica. Fomentaremos o uso de materiais cotiáns e de refugallo co fin de crear unha conciencia crítica sobre a optimización dos recursos a reciclaxe e o coidado do noso entorno. Concienciarase ademais para un uso responsable do material tanto individual coma da aula.

O material obrigatorio que debe aportar o alumnado tal e como se comunicou ao principio do curso é o seguinte.

- 1 Bloc de debuxo tamaño A4 (preferiblemente con recadro).
- 3 lápices (hb, b e h)
- Regra de 30 cm, escadra e cartabón.
- Compás.

- Caixa de lápices de cores (mínimo 12)
- Goma.
- Sacapuntas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

Nunha segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar. Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e ponzela en común. Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: desenhar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

Para a nosa materia, ao principio do curso e ao inicio de cada unidade realizarase unha avaliación inicial, co propósito de diagnosticar as necesidades, coñecementos e intencións do alumnado respecto aos contidos que se pretenden traballar. Os resultados recollidos neste proceso non terán valor na cualificación final.

- Avaliación inicial ao inicio do curso.

Durante as primeiras sesións do curso realizaranse unha proba e/ou serie de tarefas (non avaliábeis) que permitan coñecer diferente información sobre o grupo, co propósito de adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe aos seus gustos e coñecementos tal e como queda establecido nas concrecións metodolóxicas.

Paralelamente, realizarase unha análise individualizada das tarefas de cada alumno/a que xunto ca información proporcionada polo equipo directivo e o equipo de orientación durante as sesións de avaliación inicial permitirán tomar decisións no referente a:

- A metodoloxía utilizada e á realización de adaptacións metodolóxicas se procede.
- A realización de adaptacións curriculares e reforzos no alumnado que o necesite.
- Aos agrupamentos realizados na aula para os traballos en grupo.
- A modificación da temática utilizada para introducir os diferentes contidos do currículo.
- A organización de outros aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe: temporalización, distribución das unidades didácticas, etc.

- Avaliación inicial ao inicio de cada unidade:

Co obxectivo de diagnosticar o nivel de coñecementos previos do alumnado, así como das súas aficións e experiencias, durante as primeiras sesións da unidade e recurrido a actividades de inicio (Brainstorming, coloquio na aula, concursos interactivos e participativos, etc) poderemos establecer as pautas de traballo a seguir en función das necesidades de cada grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	18	14	18	14	14	14	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están desenhados para comprobar o grao de consecución dos mesmos por parte do alumnado, motivo polo cal tanto criterios coma subcriterios (no caso de que existan) son o noso referente para a calificación.

Mediante a súa distribución ao longo das unidades didácticas permítenos avaliar: contidos, uso correcto de técnicas e recursos, actitude crítica, expresividade, traballo individual e en grupo, uso de materiais e instalacións, exposición e presentación de actividades e implicación e motivación na materia.

O grao de consecución de cada criterio establecerase mediante os seguintes instrumentos:

- Laíminas teórico-prácticas.
- Fichas e probas escritas teórico-prácticas.
- Proxecto fin de unidade e/ou trimestre.
- Diario de aula onde se rexistre a actitude e participación na aula incluíndo a observación onde se rexistre o uso dos diferentes medios e recursos.

O peso dos instrumentos na nota de cada Unidade será do 70% de laíminas, proxecto e diario de aula e 30% da proba obxectiva teórico-práctica (no caso de haber).

A calificación de ditos instrumentos, é dicir os indicadores de logro, realizarase coas seguintes ferramentas avaliativas, (respectivamente ós instrumentos) e serán coñecidos polo alumnado:

- Ruábrica de consecución. (Taíboa de Indicadores)
- Proba obxectiva de coñecemento teórico-práctico. (Proba escrita)
- Ruábrica de consecución. (Taíboa de Indicadores)
- Lista de cotexo. (Taíboa de Indicadores)

Posto que a práctica totalidade da materia está orientada ao traballo da aula, e ao existir grande cantidade de criterios de avaliación que fan referencia á actitude crítica e participativa por un lado e ao uso correcto de técnicas e recursos polo outro, o feito de non traballar durante as sesións, interromper ou faltar ao respecto aos compañeiros e presentarse na aula sen o material de traballo e sen un motivo xustificable repercutirá por unha parte nas faltas de conduta (normas do centro) e penalizará a realización do traballo no tempo e sesións estimadas para cada tarefa, dificultando a evolución do alumno e a adquisición dos obxectivos e contidos da materia.

Polo xeral (salvo que se indique o contrario polo docente debido ás diferentes particularidades e causas xurdidas), neste curso os traballos se realizarán obrigatoriamente na aula; e avaliarase unicamente os traballos feitos na clase polo que a recollida de material, estudo e busca de información a farán fora da aula. Unha vez avaliados, os traballos serán devoltos ó alumnado e serán gardadas na carpeta e na aula até o final do trimestre.

No caso de non poder terminar un traballo por ausencia xustificada ou por necesitar máis tempo para rematalo (pola

minuciosidade do mesmo, por traballar a un ritmo mais lento cos demais compañeiros...e en xeral polas individualidades do alumnado), será o profesor quen autorice a levar ese traballo para traelo rematado. En ningún caso se admitirá a recollida de traballos feitos na casa si o alumno non aproveita o tempo que ten na clase para a súa realización.

CALIFICACIÓN E INDICADORES DE LOGRO

- As láminas e exercicios correspondentes a cada unidade deberán de ser entregadas no prazo indicado
- Cada lámina-exercicio non entregado computará como un 0.
- Cada exercicio non rematado computará como "T" e equivalerá a unha nota 1/10 (ou proporcional á escala adoptada).
- O final de cada trimestre concederáse ao alumnado una serie de sesións (normalmente entre 1 e 4 sesións) para poder facer os non entregados, rematar os "T" ou incluso mellorar ou repetir algunha co fin de subir a cualificación final para que o alumnado poida superar estas dificultades con rapidez e seguir o ritmo do grupo no caso de estar interesado.

CUALIFICACIÓN FINAL:

- Do trimestre: será a media aritmética de cada unha das unidades didácticas traballadas.
- Do curso (etapa): será a media aritmética de todas as cualificacións das unidades didácticas traballadas e avaliadas no curso -sen redondear e empregando dous decimais.

Criterios de recuperación:

O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas, é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos.

Así, para poder recuperar as notas das unidades non superadas, o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5/10 (ou proporcionalmente a escala empregada) e os non entregados. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores.

- De cada unidade:

Por medio da entrega dos exercicios de cada unidade didáctica poderase facer unha diagnose das dificultades do alumnado no tocante aos diferentes contidos da materia indicando as medidas a tomar durante o transcórreo do trimestre do que forma parte dita unidade.

No caso de non superar a Proba Escrita que poida formar parte dunha Unidade Didáctica, volverase a repetir dita Proba Escrita nese período reservado en cada trimestre a cal englobe a proba non superada ou una única proba que englobe todas as realizadas e non superadas.

- De cada trimestre:

O alumnado que ao final de cada avaliación acade na media dos criterios traballados na mesma, unha puntuación inferior a 5 (< 4,99) nos prazos establecidos, terá a oportunidade de acreditar a súa consecución durante o período marcado polo docente para: facer, rematar (ou mellorar) ditas láminas non superadas. A puntuación obtida nas novas entregas substituirá a das anteriores no caso de ser esta superior.

No caso de que novamente non se acaden a consecución dos criterios no procedemento anterior, o alumnado poderá acreditar a súa consecución nunha convocatoria no mes xunzo, anterior á avaliación final e que consistirá:

- Realización na aula e entrega das láminas-exercicios de todas (ou as consideradas e pactadas polo docente) das Unidades Didácticas con nota inferior a 5 das Unidades Didácticas non superadas.
- Realización dunha Proba Escrita que englobe o conxunto de Probas Escritas realizadas no curso.

Respectaranse os instrumentos previstos para a avaliación de cada criterio de avaliación. Ao fin de este procedemento e independentemente de ter ou non superada algunha avaliación realizarase a media dos criterios e subcriterios,

No caso de que a media obtida sexa menor a 5 (< 4,99; non redondeada e con dous decimais) considerarase non

superada a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMENTO PERIÓDICO:

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o alumnado terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro. Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poden ser complementados cun caderno de actividades en formato físico.

O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e do alumnado a través da aula virtual, ou mediante reunións presenciais.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico ou a través da aula virtual. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media aritmética das 3 entregas ou avaliacións, que permitirá ao alumnado unha progresividade na adquisición das competencias requiridas para superar a materia.

PROBA FINAL:

De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado poderá presentarse a unha proba final, que consistirá nunha proba teórico-práctica de todos os contidos da asignatura e que se realizará nunha data acordada entre alumnado e docente.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar. A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta. A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan participantes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que provenen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.

- É importante, tamen, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalescente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamen nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para a atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos máis complicados, de ser necesario pola natureza do grupo.
- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.
- Non podemos esquecer a importancia da acción tutorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión de lectura						X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita						X	
ET.3 - Comunicación audiovisual.		X					X
ET.4 - Competencia dixital		X		X			X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.		X				X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.7 - Educación emocional e en valores					X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.					X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Tal e como establece o decreto 156/2022, durante todas as sesión e unidades didácticas da materia fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a exposición artística	Saída do centro para visitar unha exposición artística na cidade de Santiago de Compostela durante o segundo trimestre do curso.	X	X	X
Mural colectivo.	Realización dun mural na parede do pavillón polideportivo con temática por determinar segundo o traballado nos diferentes proxectos do centro.		X	X
Escenografía Samaín	Realización dunha escenografía para o centro co motivo da celebración do samaín e en colaboración co equipo de dinamización da lingua galega.	X		
Concurso de postais de nadal.	Participación no concurso de ilustración de postais de nadal en colaboración co departamento de francés.	X		
Concurso de chiste gráfico.	Para celebrar o día da Banda Deseñada (30 de abril) o alumnado participará nun concurso de chistes gráficos en galego, colaborando á súa vez co Equipo de dinamización de lingua galega.		X	X

Observacións:

Estas propostas poderán ser modificadas, substituídas ou complementadas con outras que poidan xurdir durante o curso escolar na contorna e que teñan relación co currículo da materia.

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico polo que estas propostas poderán ser modificadas, substituídas ou complementadas con outras que poidan xurdir durante o curso escolar na contorna e que teñan relación co currículo da materia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Consulta a programación e realizo e anoto as modificacións pertinentes.
Ao confeccionar a programación adáptome ao contexto e ás necesidades e intereses do alumnado.
A temporalización das unidades didácticas é a axeitada.
Utilizo diferentes instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Dou a coñecer ao alumnado os criterios de avaliación antes de cada exercicio así coma da estrutura do curso e de cada unidade.
Alterno actividades individuais con actividades de grupo atendendo á diversidade da aula.
Utilizo unha metodoloxía heteroxénea: activa e participativa, case maxistral, aprendizaxe por descubrimento, etc
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilizo á aula virtual promovendo tamén a competencia dixital do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Alterno contidos teóricos con aspectos prácticos atendendo á súa vez á diversidade da aula.
Realizo actividades axeitadas para os contidos do currículo e que atendan á realidade do alumnado , as súas posibilidades e ás súas capacidades.
Outros
Avalío o proceso de ensinanza mediante cuestionarios dirixidos ao alumnado ao final de cada trimestre ou de cada unidade se fose necesario.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirañ para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Desenñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.

- Proponzer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Na avaliación do proceso de ensinanza, o profesorado debemos reflexionar sobre a adecuación da nosa proposta educativa ante as características e necesidades educativas do alumnado, para en función disto, realizar as melloras pertinentes na nosa actuación docente. Dita avaliación dirixirase cara os seguintes aspectos:

- Nivel de interacción alumno/a profesor/a e clima comunicativo e participativo na aula.
- Adecuación dos recursos propostos (materiais, organización, fontes de información, etc.).
- Adecuación das actividades propostas (atraentes, ben secuenciadas e baseadas nos coñecementos previos do alumnado).
- Presenza de estratexias didácticas diversificadas que dean resposta aos distintos intereses e ritmos de aprendizaxe.
- Valoración do grao de asimilación polo alumnado dos diferentes contidos conceptuais procedimentais e actitudinais establecidos nas unidades didácticas.
- Grao de adecuación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación do agrupamento, coordinación de profesorado e participación das familias.

Para detectar deficiencias en calquera destes aspectos e co fin de mellorar a nosa actuación valerémonos dos seguintes procedementos e instrumentos:

- Diario do profesor onde se recollerá diariamente os aspectos máis salientables que se produzan na aula (incidencias, conflitos, dificultades observadas e outras percepcións) servirémosos para este aspecto de Additio.
- Autoavaliación mediante rúbricas e escalas con indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente.
- Contraste con outros compañeiros a través de reunión de departamento e claustros.
- Opinións do alumnado mediante coloquio na aula e enquisas ao final de cada unidade didáctica.

Esta avaliación levarase a cabo de xeito continuo, poñendo especial atención no inicio do curso, e na finalización da unidade didáctica e do trimestre. Os resultados desta avaliación poderán conducir a modificacións na programación realizada previamente.

9. Outros apartados